

### 3.- SECTORES PRODUCTIVOS

**O** ESTUDO DOS SECTORES PRODUCTIVOS da área funcional de Lalín realízase abordando, en primeiro lugar, a análise do panorama xeral da área funcional para, posteriormente, tratar por separado cada un dos catro sectores en que se divide a produción: sector primario e industrias relacionadas, sector industrial, construción e servizos.

Esta análise baséase fundamentalmente nos datos facilitados polo Dirce, polo servizo de información Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo, e no Anuario de estatística agraria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

É importante ter en conta que a información recollida polo servizo de información Ardán no informe sobre as actividades empresariais nesta área funcional de

Lalín ten unha limitación de alcance ao referirse exclusivamente a empresas cun volume de facturación anual superior a 240.404,84 euros e das que están dispoñibles datos polo menos de dous anos consecutivos, de xeito que se están a tratar só as firmas máis importantes e con domicilio social no interior da área funcional.

A través desa información descríbese a evolución en termos competitivos das empresas da área funcional mediante as principais variables económicas e financeiras de contido estratéxico durante os anos 2002 e 2003, facendo fincapé nos aspectos da súa rendibilidade e a súa produtividade.

#### **Panorama xeral**

A clasificación segundo a actividade das empresas da área funcional do Direc-

torio de empresas de Galicia 2003 pode servir de base á hora de ter unha visión global do peso das distintas ramas de actividade económica nas dúas comarcas que compoñen a área funcional obxecto de estudo. Sen embargo, hay que ter en conta que o Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración central, autonómica e local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico.

Neste senso, o Dirce contabiliza un total de 1.607 empresas no conxunto da área funcional considerada, o que supón, o 6,9% do total provincia de Pontevedra, así como o 2,6% do conxunto de Galicia. O 63,8% das citadas empresas localízanse na comarca do Deza e o 36,2% restante na comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

Atendendo á distribución segundo a súa **condición xurídica**, das 1.607 empresas consideradas polo Directorio de empresas 2003 na área funcional de Lalín, 1.127, o 70,1% das empresas correspóndese con “sociedades de responsabilidade limitada”, o 3,5% son “sociedades cooperativas”, o 3,3% “sociedades anónimas” e o 23,1% son empresas incluídas dentro da categoría de “outros”; na provincia de Pontevedra, estas porcentaxes son do 77,5%, 1,2%, 6,6% e 14,6%, respectivamente (**anexo VII**).

Do total de empresas contabilizadas na área funcional de Lalín, o 26,6% das mesmas, son empresas enmarcadas dentro da actividade de “Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas,

artigos persoais e de uso doméstico”. A nivel comarcal o 59,3% das empresas desta actividade están localizadas na comarca do Deza con 254 empresas (**cadro 3.1.**).

As empresas incluídas dentro da actividade de construción ocupan o segundo lugar en importancia en canto ao número de empresas se refire. Esta actividade acolle a 368 empresas (o 22,9% do total de empresas da área obxecto de estudo), das que o 67,4% das mesmas, están localizadas na comarca do Deza.

A continuación destacan polo número de empresas as “actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais”, co 10,9% das empresas da área funcional, a nivel comarcal segue sendo na comarca do Deza onde se localizan un maior número de empresas, o 66,8% do total da área funcional.

En cuarto lugar, salienta polo número de empresas as actividades de Hostalería co 5,8% do total de empresas da área funcional de Lalín, destacando a comarca do Deza, con 54 empresas nesta actividade, o que supón o 57,4% do total da área funcional.

Finalmente cómpre facer referencia ás industrias manufactureiras, que supoñen o 18,9% do total de empresas da área considerada. Dentro das mesmas cabe destaca-las empresas de mataluxia e fabricación de produtos metálicos con 55 empresas, o 18,1% do total de industrias manufactureiras da área funcional, seguidas das empresas de fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e

**3.1.**

*Empresas na área funcional de Lalín 2003: distribución segundo actividade e comarca <sup>(1)</sup>*

	Deza	Tabeirós-Terra de Montes	Total área funcional	Total Pontevedra	Total Galicia
<b>Industrias extractivas</b>	11	4	15	144	340
Extracción de produtos energéticos	-	-	-	-	3
Extracción doutros minerais agás produtos enerxéticos	11	4	15	144	337
<b>Industrias manufactureiras</b>	189	115	304	3.090	8.162
Industrias da alimentación, bebidas e tabaco	38	11	49	478	1.340
Industria téxtil e da confección	42	8	50	311	1.012
Industria téxtil	4	-	4	58	128
Industria do coiro e do calzado	-	-	-	5	26
Industria da madeira e da cortiza	27	25	52	352	927
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	8	7	15	270	736
Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	8	7	15	259	701
Industria química	2	1	3	42	109
Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	1	-	1	84	175
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	16	15	31	289	729
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	34	21	55	602	1.481
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	33	21	54	580	1.424
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	8	-	8	140	333
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	3	1	4	72	186
Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	1	1	2	11	27
Fabricación de maquinaria e material eléctrico	-	-	-	12	41
Fabricación de equipos e instrumentos medico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	2	-	2	40	89
Fabricación de material de transporte	-	-	-	243	421
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-	-	-	47	102
Fabricación doutro material de transporte	-	-	-	196	319
Industrias manufactureiras diversas	10	26	36	202	687
Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	10	26	36	202	686
<b>Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga</b>	4	-	4	26	169
<b>Construción</b>	248	120	368	4.085	10.740
<b>Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas ciclomotores, artigos persoais e de uso doméstico</b>	254	174	428	7.021	17.909
<b>Hostalería</b>	54	40	94	1.753	4.659
<b>Transporte, almacenamento e comunicacións</b>	50	26	76	1.034	2.754
<b>Intermediación financeira</b>	13	3	16	257	704
<b>Actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais</b>	117	58	175	3.540	10.184
<b>Educación</b>	13	5	18	444	1.204
<b>Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais</b>	13	11	24	424	1.344
<b>Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais</b>	59	26	85	1.309	3.718
<b>Total</b>	<b>1.025</b>	<b>582</b>	<b>1.607</b>	<b>23.127</b>	<b>61.887</b>

(1) O Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (Incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico.  
Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, *Directorio de empresas de Galicia*

equipo con 54 empresas, o 17,8% do total das empresas manufactureiras, das industrias da madeira e da cortiza con 52 empresas, o 17,1% do total das industrias manufactureiras da área analizada, e finalmente, das empresas da industria textil e da confección que con 50 empresas supoñen o 16,5% do total. As empresas textis e da confección e as da madeira e da cortiza, supoñen o 16,1% e o 14,8% respectivamente do conxunto de empresas destas actividades a nivel provincial.

Dentro da industria do téxtil e da confección, salienta a comarca do Deza co 84% do total de empresas dedicadas a esta actividade no conxunto da área funcional, en relación as empresas da madeira e da cortiza, das 52 empresas existentes na área funcional, o 51,9% está localizado na comarca do Deza e o 49,1% restante na comarca de Tabairós-Terra de Montes.

Comparando os datos Ardán cos fa-

3.2.

Configuración global da actividade empresarial na área funcional de Lalín 2003: distribución sectorial

	Empresas	Ingresos (1)	V.E.B. cf	Cash-flow	Activo total	Emprego medio (2)
	(nº)	(en millóns de €)				
<b>Sector Primario</b>	108	194,8	36,5	10,9	112,1	12
Sector mar e industria	5	6,8	3,0	1,5	5,6	11
Sector agro-gandeiro	53	128,0	16,5	6,0	63,3	9
Sector silvicultura e madeira	50	60,1	17,0	3,4	43,1	14
<b>Industria</b>	147	297,0	53,7	11,4	222,2	17
Energía	7	4,4	0,7	0,13	3,3	5
Bens intermedios	39	98,5	18,5	3,3	97,4	16
Bens de equipamento	66	127,1	15,3	2,8	55,1	10
Bens de consumo	35	66,9	19,2	5,2	66,4	32
<b>Construcción e obras públicas</b>	184	267,8	78,3	16,3	271,8	15
<b>Servicios</b>	82	48,7	14,9	3,3	54,9	9
Turismo, viaxes e ocio	22	6,6	1,7	0,0	13,5	8
Transportes e servicios asociados	30	22,9	8,8	2,9	22,2	10
Servicios empresariais	14	8,1	1,2	0,2	12,9	4
Comunicacións	11	7,5	1,0	0,0	3,8	5
Servicios relacionados coa saúde	5	3,6	2,2	0,2	2,5	37
<b>Total</b>	<b>521</b>	<b>808,3</b>	<b>183,3</b>	<b>41,9</b>	<b>660,9</b>	<b>14</b>

(1) ingresos de explotación

(2) o emprego medio calcúlase con aquelas empresas que presentan o dato do emprego

Fonte: Ardán

Facilitados polo Dirce (**cadro 3.1.**), a mostra de Ardán acolle o 32,4% das empresas da área analizada.


As 521 empresas seleccionadas por Ardán, poden ser clasificadas en trece grupos, que, a súa vez, se encadran dentro dos catro sectores tradicionais, primario, industria, construción e servizos. Dentro deles destaca, pola súa importancia en canto o número de empresas o subsector de bens de equipamento (cun total de 66 empresas), o subsector agro-gandeiro (con 53) e o complexo silvicultura-madeira (con 50).

A nivel sectorial destaca pola súa importancia sobre o total o sector de construción e obras públicas con aproximadamente o 35% das empresas, seguido do sector industrial co 28,2% e, finalmente, do sector primario e dos servizos co 20,7% e o 15,7% das empresas da área funcional respectivamente.

As empresas da área funcional tiveron un emprego medio, segundo a información facilitada por elas mesmas, de 14 traballadores por empresa. Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 3.2.** amosa que o sector industrial é quen presenta un maior emprego medio, con 17 empregados por empresa, seguido do sector de construción e obras públicas, con 15 traballadores, e do sector primario e dos servizos, con 12 e 9 empregados de media respectivamente. Unha análise máis desagregada determina que os subsectores con un maior emprego medio son os servizos relacionados coa saúde (37), o subsector de bens de consumo (32), e o subsector de bens de equipamento (16); no extremo oposto, o menor emprego medio atópase no subsector dos servizos empresariais (4), comunicacións (5), e industria enerxética (5).


Nunha primeira visión do contexto xeral da área funcional, a mostra estu-

**G.3.1.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de *Ardán*

**G.3.2.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de *Ardán*

diada formada por un total de 521 empresas, tivo un volume de negocio no ano 2003 de 808,3 millóns de euros. O valor engadido bruto xerado por todas elas foi nese ano próximo aos 184 millóns de euros, mentres que o cash-flow foi de 41,9 millóns de euros.

Outra variable económica a analizar é o valor engadido xerado polas empresas dos diferentes sectores na área funcional. Neste caso, o sector da construción e obras públicas é o preponderante acadando o 42,7% do total da área funcional, seguido do sector industrial co 29,3% e do primario que acapara o 19,9% do total do valor engadido xerado polas empresas da área funcional no ano 2003. Para esta variable o sector servizos sitúase co 8,1% do total xerado no conxunto da área funcional.

A análise do cash-flow (a cantidade total de recursos xerada polas empresas), reflicte que o 38,9% do cash-flow total xerado polas empresas da área funcional está xerado en empresas do sector da construción e obras públicas, o 27,2% en empresas do sector industrial, o 26% en empresas do sector primario e o 7,9% restante no sector servizos. O **cadro 3.2.** presenta toda esta información dun xeito máis desagregado, ao tempo que os **gráficos 3.1.** e **3.2.** amosan respectivamente a distribución entre os catro sectores produtivos do número de empresas e do valor engadido bruto para o ano 2003 na área funcional de Lalín.

Á hora de afondar na análise destes datos, resulta interesante a súa relativización en función do número de empresas,

para ter así un coñecemento máis preciso sobre a configuración global da actividade empresarial. No tocante ao volume de negocio, existen dous sectores que se sitúan por encima da media da área considerada que está en torno aos 1,55 millóns de euros, estes sectores son o industrial con 2 millóns de euros de volume de negocio por empresa e o sector primario con 1,8 millóns de euros de ingresos por empresa. No extremo oposto estarían o sector da construción e obras públicas con 1,45 millóns de euros por empresa e o sector servizos con 0,59 millóns de euros de volume de negocio por empresa.

En relación ao valor engadido a clasificación dos sectores cambia. Así destaca o sector da construción e obras públicas situándose un 20% por riba da media do conxunto da área funcional, acadando un valor engadido bruto por empresa de 0,42 millóns de euros, séguelle en importancia o sector industrial con 0,36 millóns de euros por empresa e o sector primario con 0,34 millóns de euros, finalmente, o sector servizos acada valores un 48,6% por debaixo da media da área funcional cunha cifra de 0,18 millóns de euros por empresa.

Ao considerar as cifras do cash-flow, o único sector que se sitúa por riba da media da área funcional (0,08 millóns de euros de cash-flow por empresa) é o sector primario, cun cash-flow medio por empresa de 0,1 millóns de euros.

A modo de resume, para o conxunto da área funcional, son os sectores construción e obras públicas e industrial os que, tanto en termos absolutos como rela-

tivos, teñen unha certa hexemonía dentro do panorama empresarial da área funcional de Lalín, sen esquecer o importante peso que na área funcional ten o sector primario, namentres o sector servizos é o que amosa uns indicadores máis baixos.

Tal como se mostra nas táboas dos **anexos VIII e IX** deste informe, o 69,3% das 521 empresas consideradas por Ardán dentro da área funcional de Lalín, están localizadas nos concellos de Lalín e A Estrada; as 361 empresas consideradas nestes dous concellos xeran o 74,1% e o 74,6% dos ingresos totais e do valor engadido bruto xerado polo conxunto da actividade empresarial da área funcional.

Unha análise sectorial da actividade empresarial dos concellos citados mostra que, no que respecta ao sector primario, o 70,4% das empresas deste sector da área funcional (76 empresas) están ubicadas nos concellos de A Estrada (48) e Lalín (28), destacando que o 32,7% dos ingresos totais das empresas do sector primario do conxunto da área funcional, xerao as empresas localizadas no concello de Lalín.

No que respecta ao sector industrial, o 70,7% das industrias do conxunto da área funcional están localizadas nos dous concellos citados, destacando o concello de Lalín onde se ubican o 68,3% das mesmas (71 industrias), que xeran 145 millóns de euros de ingresos totais, o que supón que neste concello se produce o 48,8% dos ingresos totais do sector no conxunto da área funcional.

O 65,8% das empresas consideradas

por Ardán na área funcional dentro do sector da construción e obras públicas, están ubicadas nos concellos de A Estrada e Lalín, sendo salientable que o 54,5% das mesmas localízanse no concello de Lalín, onde se xera o 59,1% (158,3 millóns de euros) dos ingresos totais das empresas do sector no conxunto da área funcional.

Finalmente, o 73,2% das empresas do sector servizos da área funcional están localizadas nos dous concellos anteriormente citados, xerándose neste dous concellos o 73,3% dos ingresos totais das empresas do sector servizos existentes na área funcional analizada.

En resumen, destaca a concentración da actividade productiva nos concellos de A Estrada e Lalín, e en concreto neste último concello, tanto por número de empresas como por ingresos totais das mesmas en tódolos sectores agás no primario, onde por número de empresas destaca o concello de A Estrada.

A evolución das macromagnitudes e indicadores financeiros das empresas da área funcional de Lalín consideradas por Ardán está recollida nos **cadros 3.3. e 3.4.** Tanto o volume de negocio como o valor engadido experimentaron un crecemento en torno ao 15,7% e 14,8% respectivamente no período 2002-2003. Así o primeiro pasou de 698,6 a 808,3 millóns de euros, mentres que o segundo acadou no ano 2003 183,3 millóns de euros fronte aos 159,7 millóns do ano anterior. Os incrementos no resultado neto do exercicio e no cash-flow foron maiores, do 27,9% e do 23,8% respectivamente, acadando va-

3.3.

Actividade empresarial na área funcional de Lalín 2002-03:  
ingresos, custos e resultados

	2002		2003		Taxa variación
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	03/02
Ingresos de explotación	698,56	100,00	808,34	100,00	15,71
Consumos e outros gastos expl.	538,85	77,14	625,00	77,32	15,99
Valor engadido bruto coste factores	159,71	22,86	183,33	22,68	14,79
Gastos de persoal	111,38	15,94	123,89	15,33	11,23
Rtdo. económico bruto de explot.	48,33	6,92	59,44	7,35	22,99
Amortizacións	22,26	3,19	26,11	3,23	17,28
Rtdo. económico neto de explot.	26,07	3,73	33,33	4,12	27,86
Rtdo. Financeiro	-8,59	-1,23	-9,34	-1,16	8,69
Ingresos financeiros	1,91	0,27	1,49	0,18	-22,03
Gastos financeiros	10,50	1,50	10,83	1,34	3,10
Rtdo. de actividades ordinarias	17,48	2,50	23,99	2,97	37,29
Rtdo. de actividades extraordinarias	4,15	0,59	3,47	0,43	-16,39
Rtdo. antes de impostos	21,62	3,10	27,46	3,40	26,99
Impostos	7,83	1,12	9,09	1,13	16,19
Rtdo. neto do exercicio	13,80	1,97	18,37	2,27	33,12
Cash-flow	33,87	4,85	41,92	5,19	23,76

Fonte: Ardán

3.4.

Investimento e financiamento empresarial na área funcional de Lalín 2002-03

	2002		2003		Taxa variación
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	03/02
Activo total	567,79	100	660,94	100	16,41
Activo fixo (neto)	182,27	32,10	226,69	34,30	24,37
Gastos amortizables	2,55	0,45	2,26	0,34	-11,46
Inmovilizado inmaterial	22,25	3,92	25,16	3,81	13,10
Inmovilizado material	139,63	24,59	156,29	23,65	11,93
Outro inmovilizado	17,47	3,08	42,91	6,49	145,65
Outro activo fixo	0,37	0,06	0,07	0,01	-81,70
Circulante neto	385,53	67,90	434,25	65,70	12,64
Existencias	134,64	23,71	147,26	22,28	9,37
Debedores	194,13	34,19	223,40	33,80	15,08
Tesourería	34,96	6,16	40,15	6,07	14,83
Outro activo circulante	21,80	3,84	23,45	3,55	7,56
Fontes de financiamento	567,79	100	660,94	100	16,41
Financiamento permanente	229,14	40,36	283,64	42,91	23,79
Fondos propios	149,53	26,33	187,06	28,30	25,10
Recursos alleos l/p	72,28	12,73	87,91	13,30	21,63
Ingresos distrib. en varios exerc.	7,33	1,29	8,67	1,31	18,18
Acreedores a curto prazo	338,66	59,64	377,30	57,09	11,41
Fondo de rotación	46,87	8,25	56,95	8,62	21,50

Fonte: Ardán


lores de 33,3 e 41,9 millóns de euros respectivamente no ano 2003 (**gráficos 3.3. e 3.4.**).

No concernente ao balance agregado destas empresas, o seu activo total no ano 2003 acadou unha cifra de 660,9 millóns de euros, dos que o sector da construción e obras públicas aporta o 41,1%, aca-

dando 271,8 millóns de euros, seguido do sector industrial co 33,6% do total, acadando un activo total de 222,17 millóns de euros, polo tanto entre estes dous sectores abarcan máis do 74% do activo total da área, quedando o 26% do mesmo a repartir entre os sectores primario e servizos tendo unhas porcentaxes do 16,9% e do 8,3% respectivamente.




**G.3.3.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Ardán

**G.3.4.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Ardán

3.5.

Principais núcleos de localización do VEB cf. xerado polas empresas da área funcional de Lalín 2002-03

Núcleos	2002		2003		03/02
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Lalín	82,42	51,6	89,06	48,6	8,1
A Estrada	36,45	22,8	47,58	26,0	30,5
Silleda	23,29	14,6	27,76	15,1	19,2
Vila de Cruces	9,26	5,8	8,90	4,9	-3,8
Forcarei	3,17	2,0	4,10	2,2	29,1
Dozón	2,43	1,5	2,59	1,4	6,6
Agolada	1,52	0,9	1,67	0,9	10,1
Rodeiro	0,94	0,6	1,41	0,8	50,7
Cerdedo	0,24	0,2	0,26	0,1	8,6
Subtotal	159,71	100,0	183,33	100,0	14,8
<b>Total Mariña Lucense</b>	<b>159,71</b>	<b>100</b>	<b>183,33</b>	<b>100</b>	<b>14,8</b>

Fonte: Ardán

É importante destacar que o 74,8% do activo total das empresas analizadas na área funcional no ano 2003, está xerado por empresas localizadas nos concellos de Lalín e A Estrada (**anexos XIV e XV**), en concreto, salientar que as empresas localizadas no concello de Lalín aportan 355,18 millóns de euros de activo total, o que supón o 53,7% do activo total das empresas da área funcional analizada no ano 2003.

En canto á evolución temporal do activo total das empresas da área funcional de Lalín, o importe acadado no ano 2003 supón un incremento respecto ao ano anterior de máis de 16 puntos porcentuais, ao elevarse de 698,56 millóns de euros a 808,34 millóns no ano 2003. Especificando este incremento, a meirande parte corresponde ao activo fixo neto que se incrementou nun 24,4%, mentres que o incremento do activo circulante neto foi do 12,6%. O importe do activo fixo neto no ano 2003 foi de 226,7 millóns de euros e o do circulante neto de 434,25 millóns.

Asemade, no ano 2003, o balance global das empresas radicadas nesta área

funcional amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo e un 13,1% do activo circulante, acadando un fondo de rotación de 56,9 millóns de euros, e financiándose o resto mediante acredores a curto prazo. A evolución do fondo de rotación no período 2002-2003 experimentou un incremento do 21,5%, e os acredores a curto prazo aumentaron a súa contía no 11,4%.

Finalmente, con respecto ás fontes de financiamento permanente, o maior peso correspóndelle aos fondos propios que, con 187,1 millóns de euros, medraron máis do 25% en relación ao ano 2002. O incremento porcentual foi similar nos recursos alleos, posto que a taxa de variación anual foi do 21,6% ao acadar un importe de 87,9 millóns de euros no ano 2003. Por outra banda os ingresos a distribuír en varios exercicios aumentaron nun 18,2% en relación ao ano anterior, pasando de 7,3 millóns de euros a 8,7 millóns no período analizado.

O balance global das empresas radicadas nos concellos de Lalín e A Estrada están recollidos nos **anexos VIII a XXI**.

**3.6.**

*Principais superficies e grandes grupos de cultivos 2003*

	Área funcional de Lalín			Total Pontevedra	Galicia	Pontevedra / Área funcional	Galicia / Área funcional
	Total	Deza <i>(en hectáreas)</i>	Tabeirós-Terra de Montes			(%)	(%)
<b>Terras de cultivo</b>	<b>33.675</b>	<b>28.160</b>	<b>5.515</b>	<b>70.558</b>	<b>523.886</b>	<b>47,73</b>	<b>6,43</b>
Cultivos herbáceos	26.850	22.826	4.024	41.024	378.136	65,45	7,10
Cereais gran	1.612	1.036	576	8.731	52.742	18,46	3,06
Cultivos forraxeiros	23.466	20.420	3.046	25.111	285.966	93,45	8,21
Tubérculos	730	534	196	3.180	21.731	22,96	3,36
Leguminosas gran	117	69	48	681	4.241	17,18	2,76
Hortícolas e froitos da horta	924	765	159	3.321	15.957	27,82	5,79
Cultivos leñosos	2.178	1.422	756	20.810	73.178	10,47	2,98
Froiteiras	752	476	276	3.663	12.888	20,53	5,83
Castiñeiro	829	792	37	1.406	27.198	58,96	3,05
viñedo	597	154	443	15.741	32.920	3,79	1,81
Outras terras de cultivo	1.072	843	229	3.518	20.414	30,47	5,25
Cultivos asociados e sucesivos	3.575	3.069	506	5.206	52.158	68,67	6,85
<b>Prados e pasteiros</b>	<b>26.398</b>	<b>15.995</b>	<b>10.403</b>	<b>61.382</b>	<b>454.263</b>	<b>43,01</b>	<b>5,81</b>
<b>Outras superficies</b>	<b>12.769</b>	<b>8.162</b>	<b>4.607</b>	<b>62.035</b>	<b>318.564</b>	<b>20,58</b>	<b>4,01</b>
<b>Superficie forestal</b>	<b>89.879</b>	<b>56.495</b>	<b>33.384</b>	<b>266.011</b>	<b>1.765.445</b>	<b>33,79</b>	<b>5,09</b>
<b>Superficie total</b>	<b>155.571</b>	<b>102.674</b>	<b>52.897</b>	<b>449.574</b>	<b>2.957.842</b>	<b>34,60</b>	<b>5,26</b>

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria

A nivel máis desagregado e descendendo ao eido municipal, o **cadro 3.5.** recolle a clasificación dos nove concellos que compoñen a área funcional de Lalín, tendo en conta o VEB c.f xerado polas empresas ubicadas en cada un deles, neste senso, os principais núcleos de localización da área funcional de Lalín, son os concellos de Lalín, A Estrada e Silleda, só entre estes tres concellos, as empresas alí radicadas copan o 89,7% do valor engadido xerado na área funcional no ano 2003, destacando dun xeito relevante o concello de Lalín, co 48,6% do total.

Estes datos amosan a xa citada forte concentración que se dá no seo da área funcional, o que constitúe unha das súas características máis destacadas.

### **Sector primario e industrias relacionadas**

Neste apartado englobanse as activi-

dades relativas aos subsectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira. O estudo correspondente, que se fai utilizando os datos das Consellerías de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Pesca e Asuntos Marítimos e Medio Ambiente, o IGE e mailos facilitados polo servizo de información Ardán da Zona Franca de Vigo, parte da consideración dos datos estruturais existentes a nivel comarcal, para posteriormente pasar ao estudo pormenorizado do sector dende un punto de vista económico e financeiro.

#### **• Actividade agrícola**

Atendendo aos datos da distribución xeral de terras na área funcional de Lalín, o **cadro 3.6.** reflicte que o 21,6% da súa superficie corresponde a terras de cultivo (33.675 hectáreas), das que 26.850 hectáreas (o 79,7% da superficie dedicada a terras de cultivo) dedícanse a cultivos herbáceos. A importancia relativa da superfi-

3.7.

Explotación do Rexistro de Gando Bovino. Ano 2003

	Nº explotacións	Gando bovino			
		Total	Vacas de muxidura	Vacas non de muxidura	Outros bovinos
<b>Total Área funcional de Lalín</b>	5.391	90.383	62.546	16.648	11.189
<b>Comarca do Deza</b>	3.767	74.691	52.311	13.194	9.186
A Golada	374	6.483	2.612	2.832	1.039
Dozón	216	5.672	3.577	1.139	956
Lalín	1.217	26.295	18.765	3.693	3.837
Rodeiro	529	13.448	9.693	2.480	1.275
Silleda	803	15.276	13.236	1.025	1.015
Vila de Cruces	628	7.517	4.428	2.025	1.064
<b>Comarca de Tabeirós -Terra de Montes</b>	1.624	15.692	10.235	3.454	2.003
A Estrada	1.176	9.566	6.341	1.815	1.410
Forcarei	359	5.156	3.809	911	436
Cerdedo	89	970	85	728	157
<b>Total provincia de Pontevedra</b>	14.526	116.106	65.506	32.164	18.436
<b>Total Galicia</b>	63.978	1.045.478	544.371	320.193	180.914
Área funcional /Provincia (%)	37,1	77,8	95,5	51,8	60,7
Área funcional /Galicia (%)	8,4	8,6	11,5	5,2	6,2

Fonte: IGE, Explotación do rexistro de gando bovino

cie destinada a terras de cultivo no total galego foi de 6,4%, sendo esta porcentaxe de 7,1% no caso dos cultivos herbáceos e do 3% no dos cultivos leñosos.

A comarca do Deza non só é a comarca coa maior superficie dedicada a terras de cultivo, con 28.160 hectáreas, senón que é a comarca que presenta o maior peso relativo na súa superficie, cun 27,4% (a porcentaxe na provincia de Pontevedra é do 15,7%, e no conxunto de Galicia do 17,7%), as hectáreas cultivadas na comarca do Deza representan o 40% das cultivadas na provincia de Pontevedra e o 5,4% das totais cultivadas en Galicia. A comarca de Tabeirós-Terra de Montes, ten unha superficie cultivada de 5.515 hectáreas e un peso relativo do 10,4%.

Se considerámo-los principais grupos de produtos, na área funcional de Lalín predomina a superficie dedicada aos cultivos forraxeiros, ao que se dedican un total de 23.466 hectáreas (o 69,7%


da superficie de cultivo), seguíndolle en importancia a superficie dedicada a cereais gran, con 1.612 hectáreas (o 4,8% da superficie de cultivo). No conxunto de Galicia estas porcentaxes son de 54,6% e 10,1%, respectivamente; e na provincia de Pontevedra as porcentaxes citadas ascenden ao 61,2% e ao 12,4%.

• *Actividade gandeira*

No **cadro 3.7.** e no **gráfico 3.5.**, recóllese a información da explotación do rexistro de gando bobino do ano 2003. O número de explotacións de vacas na área analizada ascendeu a 5.391 (o 8,4% das explotacións galegas, e o 37,1% do total da provincia de Pontevedra), das que o 69,9% das mesmas están na comarca do Deza (3.767 explotacións). Tal como se mostra no **anexo XXII**, no período 1991-2003, nas dúas comarcas que compoñen a área funcional de Lalín, reducíronse o número de explotacións de gando bovino, destacando a comarca


**G.3.5.**

**Explotacións do Rexistro de Gando Bovino 2001-02 na comarca do Deza: distribución segundo razas**




Frisona Rubia galega Cruces Outras Morenas do Noroeste Pardo alpina

**Explotacións do Rexistro de Gando Bovino 2001-02 na comarca de Tabeirós-Terra de Montes: distribución segundo razas**



Frisona Rubia galega Cruces Outras Morenas do Noroeste Pardo alpina

**Explotacións do Rexistro de Gando Bovino 2001-02 en Galicia: distribución segundo razas**



Frisona Rubia galega Cruces Outras Morenas do Noroeste Pardo alpina

Fonte: IGE, Explotación do rexistro de gando bovino

3.8.

Prazas en explotacións industriais de porcino 2003

	Prazas de reproductoras	Prazas de cebo
<b>Total Área funcional de Lalín</b>	<b>9.482</b>	<b>98.034</b>
<b>Comarca do Deza</b>	<b>8.259</b>	<b>92.934</b>
A Golada	992	5.705
Dozón	136	25.005
Lalín	2.320	18.208
Rodeiro	672	16.240
Silleda	3.811	25.371
Vila de Cruces	328	2.405
<b>Comarca de Tabeirós -Terra de Montes</b>	<b>1.223</b>	<b>5.100</b>
A Estrada	858	4.600
Forcarei	365	500
Cerdedo	-	-
<b>Total Galicia</b>	<b>91.078</b>	<b>252.611</b>
<b>Área funcional /Galicia (%)</b>	<b>10,4</b>	<b>38,8</b>

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria

de Tabeirós-Terra de Montes, onde o descenso foi do 50,6%, seguida da comarca do Deza, cunha perda do 39,6%. A porcentaxe de explotacións de gando bovino perdidas no período 1991-2002 é nas dúas comarcas da área funcional moi superior á porcentaxe de perda de poboación no mesmo período.

No que respecta ao número de reses, na área funcional de Lalín no ano 2003 existían 90.383 reses, das que o 69,2% das vacas existentes (62.546 reses) dedícanse á produción de leite. Comparado co total galego, a zona xeográfica considerada acolle o 8,6% das reses, sendo esta porcentaxe do 11,5% no caso das vacas de muxidura e de 5,2% no caso das vacas de non muxidura. Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 3.7.** reflicte que o 82,6% do conxunto das reses da área funcional pertencen á comarca do Deza (74.691 reses).

O número medio de reses por explotación na área funcional de Lalín é superior á rexistrada no conxunto da provincia

de Pontevedra e de Galicia, acadando as 16,7 reses por explotación no primeiro caso e as 8 e 16,3 reses por explotación no conxunto de Pontevedra e Galicia respectivamente. A comarca con maior número de reses por explotación foi a de Lalín, con 19,8 reses por explotación, fronte ás 9,6 reses por explotación na comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

Atendendo á distribución do gando bovino segundo razas, o devandito **gráfico 3.5.** amosa o predominio da raza frisona, nas dúas comarcas, Deza e Tabeirós-Terra de Montes, raza que supón o 77,9% e o 75,7% do total de reses das citadas comarcas respectivamente. No conxunto de Galicia pertencen á raza frisona o 59,1% do total de reses.

Segundo os datos do anuario de estatística agraria, na área funcional de Lalín, no ano 2003 había un total de 98.034 prazas de cebo e 9.482 prazas de reproductoras, sendo o seu peso relativo no total galego do 38,8% e 10,4%, respectivamente. O **cadro 3.8.** amosa que a comarca do

**3.9.**

**Principais núcleos de localización do V.E.B.c.f. xerado polas empresas no sector primario  
2002-03**

Núcleos	2002		2003		03/02
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
<b>A Estrada</b>	10,84	34,7	12,76	35,0	17,8
<b>Lalín</b>	9,57	30,6	10,20	28,0	6,6
<b>Silleda</b>	7,33	23,4	9,71	26,6	32,5
<b>Dozón</b>	1,83	5,8	1,90	5,2	4,0
<b>Agolada</b>	0,76	2,4	0,95	2,6	24,9
<b>Vila de Cruces</b>	0,72	2,3	0,75	2,0	3,3
<b>Forcarei</b>	0,13	0,4	0,13	0,3	- 1,2
<b>Rodeiro</b>	0,08	0,2	0,06	0,2	- 15,7
<b>Subtotal</b>	31,24	100,0	36,46	100,0	16,7
<b>Total área funcional Lalín</b>	31,24	100	36,46	100	16,7

Fonte: Ardán

Deza é a que acolle o maior número de prazas, con 92.034 prazas de cebo e 8.259 prazas de reprodutoras (o 94,8% e 87,1% das prazas, respectivamente do total da área funcional).

• **Subsector forestal**

A utilización máis común na área funcional, así como nas dúas comarcas que a compoñen, é a de superficie forestal con 89.879 hectáreas, o que supón o 57,8% da superficie total da área funcional de Lalín (esta porcentaxe é do 59,7% no conxunto de Galicia e do 59,2 % na provincia de Pontevedra), e o 5,1% da superficie forestal galega.

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 3.6.** amosa que a comarca coa superficie forestal máis elevada é a do Deza, con 56.495 hectáreas (o 62,9% da superficie forestal da área funcional de Lalín); a comarca de Tabeirós-Terra de Montes, con 33.384 hectáreas representa o 37,1% restante. Atendendo ao peso relativo da superficie forestal na superficie de cada comarca, cómpre salienta-la importancia relativa da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, onde repre-

senta o 63,1% da superficie total, fronte á comarca do Deza, onde a superficie forestal representa o 55% da superficie comarcal total.

• **Indicadores empresariais: Ardán**

En canto á súa estrutura empresarial, as 108 empresas que integran, segundo a metodoloxía Ardán, o sector primario na área funcional de Lalín presentan un emprego medio de 12 persoas. Estas empresas xeraron un VEB de 36,5 millóns de euros (o 19,9% do veb total xerado polo conxunto de empresas analizadas por Ardán para esta área), ascendendo os seus ingresos de explotación a 194,8 millóns de euros (o 24,1% dos ingresos de explotación xerados na área funcional de Lalín no ano 2003).

No que respecta aos principais núcleos de localización en función do valor engadido bruto xerado polas empresas do sector primario, o **cadro 3.9.** reflicte que o concello máis importante é A Estrada, con 12,76 millóns de euros no ano 2003 (un 17,8% máis que no ano anterior), seguido de Lalín, con 10,2 millóns de euros (un 6,6% máis que no ano 2002), o ter-

3.10.

Actividade do sector primario na área funcional de Lalín 2002-03:  
ingresos, custos e resultados

	2002		2003		Taxa variación 03/02
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	182,36	100	194,80	100	6,8
Consumos e outros gastos expl.	151,12	82,87	158,34	81,29	4,8
Valor engadido bruto coste factores	31,24	17,13	36,46	18,71	16,7
Gastos de persoal	19,40	10,64	21,08	10,82	8,7
Rtdo. económico bruto de explot.	11,85	6,50	15,37	7,89	29,7
Amortizacións	4,16	2,28	4,79	2,46	15,2
Rtdo. económico neto de explot.	7,69	4,22	10,58	5,43	37,6
Rtdo. Financeiro	-2,15	-1,18	-1,77	-0,91	-18,0
Ingresos financeiros	0,35	0,19	0,24	0,13	-30,1
Gastos financeiros	2,50	1,37	2,01	1,03	-19,7
Rtdo. de actividades ordinarias	5,54	3,04	8,82	4,53	59,3
Rtdo. de actividades extraordinarias	1,06	0,58	1,21	0,62	14,5
Rtdo. antes de impostos	6,59	3,61	10,02	5,15	52,1
Impostos	2,23	1,22	3,38	1,74	51,8
Rtdo. neto do exercicio	4,36	2,39	6,64	3,41	52,2
Cash-flow	8,32	4,56	10,91	5,60	31,1

Fonte: Ardán

ceiro concello en importancia é Silleda con 9,71 millóns de euros (un 32,5% máis que no ano 2003. Cómpre salientar que estes tres municipios acollen o 89,6% do VEB xerado polas empresas do sector primario na área funcional de Lalín no ano 2003.

No ano 2003, o sector primario presenta na área analizada un crecemento dos ingresos de explotación do 6,8%, superior ao incremento experimentado polos gastos de explotación (constituídos polos consumos de explotación, gastos de persoal, dotacións á amortización, e outros gastos de explotación), que foi do 5,5%, pasando de 174,7 millóns de euros no ano 2002 a 184,2 millóns no ano 2003. O **cadro 3.10.** amosa tamén a medra dun 16,7% do importe do valor engadido bruto (VEB) a custo de factores, polo que o seu peso relativo nos ingresos de explotación incrementábase dende o 17,1% de 2002 ao 18,7% de 2003.

O devandito **cadro 3.10.** reflicte un

incremento no seu resultado económico neto de explotación do 37,6%, así como un incremento do resultado neto do exercicio do 52,2%, que pasa de 4,36 millóns de euros no ano 2002 a 6,64 millóns no ano 2003. Así mesmo, neste período de tempo rexístrase un incremento do resultados de actividades ordinarias, acadando en 2003 un valor de 8,82 millóns de euros, un 59,3% maior ao acadado en 2002.

Os **anexos XXIII e XXIV** mostran a actividade do sector primario nos concellos de Lalín e A Estrada, salientando como o resultado económico neto de explotación no ano 2003 respecto do ano anterior, do sector primario no concello de Lalín, reduciuse un 11,9% fronte ao incremento do mesmo nun 73,8% nas empresas do concello de A Estrada.

O balance agregado das 108 empresas pertencentes a este sector reflicte que o seu activo total aumentou no ano 2003 un 12,5% con respecto ao ano anterior, pa-



**3.11.**

*Investimento e financiamento do sector primario na área funcional de Lalín 2002-03*

	2002		2003		Taxa variación 03/02
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
<b>Activo total</b>	99,62	100	112,05	100	12,5
<b>Activo fixo (neto)</b>	33,27	33,39	34,12	30,45	2,6
Gastos amortizables	0,22	0,22	0,19	0,17	-16,9
Inmovilizado inmaterial	3,20	3,22	3,03	2,70	-5,5
Inmovilizado material	27,98	28,09	28,75	25,66	2,7
Outro inmovilizado	1,83	1,84	2,13	1,90	16,4
Outro activo fixo	0,03	-	0,03	0,02	-
<b>Circulante neto</b>	66,36	66,61	77,93	69,55	17,4
Existencias	18,30	18,37	21,91	19,55	19,7
Debedores	33,92	34,04	40,00	35,69	17,9
Tesourería	7,39	7,42	9,30	8,30	25,7
Outro activo circulante	6,75	6,77	6,73	6,00	-0,3
<b>Fontes de financiamento</b>	99,62	100	112,05	100	12,5
<b>Financiamento permanente</b>	53,05	53,25	59,82	53,39	12,8
Fondos propios	42,20	42,36	47,99	42,83	13,7
Recursos alleos l/p	8,30	8,33	8,76	7,82	5,5
Ingresos distrib. en varios exerc.	2,54	2,55	3,07	2,74	20,5
<b>Acreedores a curto prazo</b>	46,58	46,75	52,23	46,62	12,1
<b>Fondo de rotación</b>	19,78	19,85	25,70	22,94	29,9

Fonte: Ardán

sando de 99,62 millóns de euros en 2002 a 112,05 millóns de euros en 2003. O 55,2% do activo total xerado polo sector primario na área funcional no ano 2003, pertence a empresas localizadas nos concellos de Lalín e A Estrada (**anexos XXV e XXVI**). Neste último ano este activo foi financiado nun 53,4% polo financiamento permanente e, no 46,6% restante, polos acreedores a curto prazo, sendo estas porcentaxes de 53,2% e 46,8% respectivamente, en 2002 (**cadro 3.11.**).

En concreto no ano 2003 o balance das empresas do sector primario consideradas por Ardán, reflicte, do mesmo xeito que ocorría a nivel global, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo, acadando un fondo de rotación de 22,9 millóns de euros (19,8 millóns de euros en 2002). Así o 67% do activo circulante está financiado con cargo a acreedores a curto prazo, que rexistran un incremento do 12,1% respecto do ano anterior.

Dentro do sector primario destaca o subsector agro-gandeiro, **cadro 3.2.**, que no ano 2003 englobaba a 53 das 108 empresas do sector primario na área funcional de Lalín, e xerou un valor engadido de 16,5 millóns de euros, que representa o 45,2% do total do sector primario na área funcional. As actividades do complexo agro-gandeiro máis importantes, en canto aos ingresos de explotación acadados, son as de fabricación de produtos para a alimentación animal, onde as 3 empresas dedicadas a esta actividade xeran o 53,1% dos ingresos de explotación deste subsector (68 millóns de euros) e o 59,2% do VEB a custo de factores (9,8 millóns de euros). A segunda actividade en importancia é a de fabricación de produtos cárnicos: as catro empresas analizadas por Ardán dentro desta actividade xeran 22,4 millóns de euros de ingresos de explotación, o 17,5% dos ingresos totais do subsector no ano 2003.

Dentro do complexo agro-gandeiro, o núcleo de localización de empresas cun maior valor engadido xerado é o concello de Silleda, seguido de Lalín e Dozón, con 9,4 3,4 e 1,9 millóns de euros, respectivamente, no ano 2003.

Os ingresos de explotación xerados polas 50 empresas do subsector silvicultura-madeira representan no ano 2003 o 30,8% do total do sector primario (60,1 millóns de euros), sendo esta porcentaxe do 46,6% no caso do VEB (17 millóns de euros). As actividades do complexo silvicultura-madeira dentro da área funcional en canto a número de empresas son as de fabricación de mobles (15 empresas), pola contra, as actividades máis importantes en canto a ingresos de explotación son as de fabricación de produtos de madeira e corcho co 37,5% dos ingresos de explotacións do conxunto do subsector na área analizada, finalmente salienta que o conxunto de actividades do subsector máis importante en función do valor engadido xerado son as de fabricación de mobles co 42,9% do VEB c.f. do subsector na área funcional de Lalín.

No que respecta ao subsector mar e indutria na área funcional de Lalín, as cinco empresas consideradas por Ardán dentro deste subsector, aportan 6,8 millóns de euros de ingresos de explotación e 3 millóns de euros de valor engadido bruto no ano 2003.

O activo total do subsector mar-industria aporta o 5% do total do sector primario na área funcional, alcanzando no ano 2003 5,6 millóns de euros, mentres que o activo total do subsector agro-gan-

deiro acada 63,3 millóns de euros, o que supón o 56,5% do activo total do sector na área funcional, finalmente o subsector silvicultura-madeira aporta 43,11 millóns de euros ao activo total do sector primario na área funcional

Para finalizar a análise do sector primario na área funcional de Lalín, o **anexo XXVII**, mostra o listado de empresas do citado sector na área analizada, destacando o feito de que non se considera ningunha empresa dentro da comarca de Taboas-Terra de Montes. A actividade máis representativa tanto no número de empresas como no volume de facturación é a de "avicultura"; esta actividade, concentrada nos concellos de Lalín e Silleda, facturou no ano 2003, perto de 5 millóns de euros, o que supón o 42,3% do total de facturación do sector primario na área funcional de Lalín no ano 2003.

## **Sector industrial**

### **• *Indicadores empresariais: Ardán***

Atendendo á metodoloxía seguida polo servizo Ardán no estudo das actividades empresariais na área funcional de Lalín, o sector industrial abrangue un total de 147 empresas no ano 2003, que xeraron un valor engadido bruto a custo de factores de 53,7 millóns de euros. Comparado co conxunto de empresas, este sector acolle o 28,2% das empresas da área funcional, o 36,7% dos ingresos de explotación e o 29,3% do VEB xerado na zona (**cadro 3.12.**).

A conta de explotación agregada des-

**3.12.**

**Actividade do sector da industria na área funcional de Lalín 2002-03:  
ingresos, custos e resultados**

	2002		2003		Taxa variación 03/02
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	263,72	100,00	296,99	100,00	12,62
Consumos e outros gastos expl.	214,98	81,52	243,30	81,92	13,18
Valor engadido bruto coste factores	48,74	18,48	53,69	18,08	10,15
Gastos de persoal	35,87	13,60	37,24	12,54	3,81
Rtdo. económico bruto de explot.	12,87	4,88	16,46	5,54	27,82
Amortizacións	7,29	2,77	7,43	2,50	1,86
Rtdo. económico neto de explot.	5,58	2,12	9,03	3,04	61,75
Rtdo. Financeiro	-2,28	-0,86	-2,21	-0,74	-3,27
Ingresos financeiros	1,02	0,39	0,90	0,30	-11,77
Gastos financeiros	3,30	1,25	3,10	1,05	-5,89
Rtdo. de actividades ordinarias	3,30	1,25	6,82	2,30	106,67
Rtdo. de actividades extraordinarias	1,10	0,42	-0,32	-0,11	129,49
Rtdo. antes de impostos	4,40	1,67	6,50	2,19	47,64
Impostos	2,60	0,98	2,16	0,73	-16,65
Rtdo. neto do exercicio	1,80	0,68	4,33	1,46	140,12
Cash-flow	8,32	3,15	11,43	3,85	37,34

Fonte: Ardán

tas 147 empresas amosa que os ingresos de explotación aumentaron nun 12,6%, pasando dos 263,7 millóns de euros en 2002 a 297 millóns no ano 2003, dos que, tal como mostran os **anexos XXVIII e XXIX**, o 48,8% dos mesmos está xerado por empresas localizadas no concello de Lalín. Tamén medraron os gastos de explotación, un 11,5%, pasando de 258,14 a 288 millóns de euros. En canto ao valor engadido, este experimentou un incremento do 10,1% no período considerado, acadando os 53,7 millóns no ano 2003, polo que o seu peso relativo con respecto aos ingresos de explotación experimenta un lixeiro descenso, en 2002 representaba o 18,48% e no ano 2003 o 18,07%. As empresas do sector industrial da área funcional presentan no ano 2003 un incremento do 140,1% nos seus beneficios, pasando o resultado neto do exercicio de 1,8 millóns de euros en 2002 a 4,3 millóns de euros no ano 2003.

No **cadro 3.13**, obsérvase o balance agregado das empresas do sector industrial. Entre as fontes de financiamento do

sector industrial, increméntase o peso relativo do financiamento permanente, que pasa do 48,8% do ano 2002 ao 49,2% do ano 2003. O activo total aumentou no ano 2003 un 20,7%, chegando aos 222,1 millóns de euros, cando no ano 2002 se contabilizara un activo total de 184 millóns de euros. O 63,2% do activo total xerado polas industrias da área funcional analizada no ano 2003, pertence á industrias que están ubicadas no concello de Lalín (**anexos XXXI e XXXII**).

De xeito semellante ao que acontece a nivel global, o balance empresarial do ano 2003 amosa que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto, sendo a parte do activo circulante financiada polo financiamento permanente sensiblemente superior (o 15,3% fronte o 13,1% global). O fondo de rotación acadado foi de 20,3 millóns de euros, que, comparado cos 17,6 millóns de 2002, supón un incremento do mesmo do 15,2%. Os acredores a curto prazo que financian o 84,7% restante do circulante neto, acadan un volume supe-

**3.13.**

**Investimento e financiamento do sector da industria na área funcional de Lalín 2002-03**

	2002		2003		Taxa variación
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	03/02
<b>Activo total</b>	183,99	100,00	222,17	100,00	20,75
<b>Activo fixo (neto)</b>	66,65	36,23	89,10	40,10	33,67
Gastos amortizables	0,92	0,50	0,67	0,30	- 26,78
Inmovilizado inmaterial	4,62	2,51	4,66	2,10	0,98
Inmovilizado material	54,20	29,46	57,43	25,85	5,97
Outro inmovilizado	6,92	3,76	26,33	11,85	280,44
Outro activo fixo	-	-	-	-	-
<b>Circulante neto</b>	117,34	63,77	133,08	59,90	13,41
Existencias	40,93	22,25	46,47	20,91	13,52
Debedores	59,46	32,32	68,37	30,77	14,99
Tesourería	11,74	6,38	12,32	5,55	4,95
Outro activo circulante	5,21	2,83	5,92	2,66	13,61
<b>Fontes de financiamento</b>	183,99	100,00	222,17	100,00	20,75
<b>Financiamento permanente</b>	84,29	45,81	109,41	49,25	29,80
Fondos propios	54,62	29,69	78,36	35,27	43,46
Recursos alleos l/p	26,86	14,60	27,77	12,50	3,36
Ingresos distrib. en varios exerc.	2,80	1,52	3,28	1,48	17,22
<b>Acreeedores a curto prazo</b>	99,70	54,19	112,76	50,75	13,10
<b>Fondo de rotación</b>	17,63	9,58	20,31	9,14	15,20

Fonte: Ardán

**3.14.**

**Principais núcleos de localización do V.E.B.c.f. xerado polas empresas na industria na área funcional de Lalín 2002-03**

Núcleos	2002		2003		03/02	
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)	
Lalín	32,62	66,9	31,44	58,6	-	3,6
A Estrada	3,92	8,1	10,06	18,7	-	156,2
Vila de Cruces	6,03	12,4	5,32	9,9	-	11,7
Silleda	3,35	6,9	3,39	6,3	-	1,2
Forcarei	1,27	2,6	1,33	2,5	-	5,3
Rodeiro	0,59	1,2	1,07	2,0	-	81,7
Dozón	0,41	0,8	0,55	1,0	-	33,8
Agolada	0,55	1,1	0,53	1,0	-	4,7
<b>Subtotal</b>	48,74	100,0	53,69	100,0	-	10,2
<b>Total área funcional</b>	48,74	100	53,69	100	-	10,2

Fonte: Ardán

rior aos 112 millóns de euros no ano 2003.

En canto aos principais núcleos de localización das empresas do sector industrial, sobresaé o concello de Lalín, cun valor engadido xerado no ano 2003 de 31,4 millóns de euros, un 3,6% menos que no ano anterior, o valor engadido polas empresas situadas no concello de Lalín, e consideradas por Ardán, supoñen o 58,6% do total de valor engadido polo

sector empresarial na área funcional de Lalín. O segundo concello en importancia en canto a valor engadido pola industria é o concello de A Estrada co 10,1 millóns de euros de VEB, un 156,2% máis que no ano 2002 (**cadro 3.14.**).

Para poder analizar a distribución comarcal das empresas deste sector económico, consideraranse as empresas localizadas nas dúas comarcas da área funcional de Lalín que están incluídas no sector

de “Fabricantes” segundo o *Directorio de empresas 2003* de Ardán.

Neste senso, e tendo en conta a metodoloxía utilizada por Ardán, as empresas do sector fabricantes facturaron no ano 2003 131 millóns de euros e empregaron a 1.192 persoas.

No **anexo XXXIII** expónse a participación no total de facturación e emprego das empresas enmarcadas no sector “fabricantes” en cada unha das dúas comarcas consideradas. Así en primeiro lugar destaca polo volume de facturación e emprego a comarca do Deza co 76,9% e o 66,3% da facturación e o emprego total do sector no conxunto da área funcional. As actividades realizadas dentro do sector na comarca son moi variadas destacando a de “Fabricación de estruturas metálicas e as súas partes” como a actividade cun maior volume de facturación acadando case os 28 millóns de euros no ano 2003, sen embargo a actividade máis importante da comarca en canto ao número de empresas no sector “fabricantes” é a de “fabricación de carpintería metálica”.

A comarca de Tabeirós-Terra de Montes factura o 26% do total das empresas do sector “fabricantes” na área funcional de Lalín e o 33,7% do emprego total. A actividade máis representativa dentro do sector na comarca é a de “Fabricación de mobles” que, con só unha empresa, representa o 29,5% e o 31,6% da facturación e o emprego total do sector na comarca, seguida da actividade de “Fabricación de outros mobles” cunha facturación de 7,6 millóns de euros no ano 2003.

Unha vez analizado o sector industrial no seu conxunto, cómpre facer referencia aos catro subsectores nos que se pode estrutura-lo sector: enerxía, bens intermedios, bens de equipamento e finalmente, bens de consumo. Segundo a metodoloxía empregada, o **subsector enerxético** na área funcional de Lalín, **cadro 3.2.**, estaba composto no ano 2003 por sete empresas, que xeraron o 1,3% do valor engadido total do sector industrial na área funcional, 0,7 millóns de euros.

O subsector de **bens intermedios** conta con 39 empresas e un valor engadido de 18,5 millóns de euros no ano 2003, o 34,5% do sector industrial, os ingresos de explotación xerados por este subsector no ano 2003 foron de 98,5 millóns de euros, o 33,2% do total do sector industrial na área funcional.

Dentro deste subsector, dada a súa importancia, cómpre salienta-las actividades da industria auxiliar. As 14 empresas consideradas dentro deste grupo de actividades xeraron no ano 2003 uns ingresos de explotación de 73,5 millóns de euros e un VEB a custo de factores de 13 millóns de euros. Comparado cos resultados do sector industrial no seu conxunto, estas actividades acollen o 24,2% do veb xerado e o 24,7% dos ingresos de explotación.

Os principais núcleos de localización atendendo ao valor engadido bruto xerado foron Lalín e A Estrada, con 11,6 e 2,5 millóns de euros, respectivamente.

O subsector de **bens de equipamento**, con 66 empresas, xerou un VEB de 15,3 millóns de euros no ano 2003, o

28,5% do sector, os ingresos de explotación xerados por este subsector no ano 2003 ascenderon a 127,1 millóns de euros, o que supón o 42,8% dos ingresos totais xerados polo sector industrial na área funcional no citado ano.

Dentro deste subsector, dada a súa importancia, cómpre salienta-las actividades de "Automoción". As 46 empresas consideradas dentro deste grupo de actividades xeraron no ano 2003 uns ingresos de explotación de 88,2 millóns de euros e un VEB a custo de factores de 9,2 millóns de euros. Comparado cos resultados do sector industrial no seu conxunto, estas actividades acollen o 17,1% do veb xerado e o 29,7% dos ingresos de explotación.

Os principais núcleos de localización atendendo ao valor engadido bruto xerado foron A Estrada e Vila de Cruces, con 6,6 e 3,7 millóns de euros, respectivamente.

Por último, o subsector de **bens de consumo**, con 35 empresas, xerou un valor engadido de 19,2 millóns de euros no ano 2003, o 35,7% do sector industria, os ingresos de explotación xerados por este subsector no ano 2003 ascenderon a 66,9 millóns de euros, o que supón o 22,5% dos ingresos totais xerados polo sector industrial na área funcional no ano 2003.

A actividade máis representativa dentro do subsector de bens de consumo é a de "Textil-confección", onde as 29 empresas existentes xeraron, no ano 2003, 18,6 millóns de euros de valor engadido bruto a custo de factores e 61,8 millóns de euros de ingresos de explotación, sendo o

seu principal núcleo de localización o concello de Lalín. As empresas ubicadas neste concello xeraron 17 millóns de euros de valor engadido bruto no ano 2003.

### Sector da construción

Ao igual que se fai na análise do sector industrial, considéranse os datos das variables empresariais presentadas por Ardán, tanto no estudo concreto sobre as actividades empresariais nestas áreas funcionais como no Directorio de Empresas. Informe económico financeiro y de la competitividad 2003.

As 184 empresas pertencentes a este sector segundo a metodoloxía empregada polo Ardán na análise das actividades empresariais na área funcional de Lalín xeraron no ano 2003 uns ingresos de explotación de 267,8 millóns de euros (o 33,1% dos ingresos xerados nesta área funcional) e un valor engadido de 78,3 millóns de euros (o 42,7% do VEB total xerado na área funcional de Lalín no ano 2003).

O **cadro 3.15** recolle a evolución da actividade do sector da construción entre os anos 2002 e 2003. Os ingresos de explotación aumentaron un 23,2%, pasando dos 217,3 millóns de euros de 2002 aos 267,8 millóns de euros no ano 2003, namentres que os gastos de explotación experimentaron un incremento porcentual do 24%, pasando de 204,9 millóns de euros a 254,1 millóns no ano 2003. O 82,5% do total de ingresos de explotación do sector da construción da área funcional, pertence a empresas constructoras localizadas nos concellos de Lalín e A Estrada (158,3 e



**3.15.**

*Evolución da actividade no sector da construción na área funcional de Lalín 2002-03: ingresos, custos e resultados*

	2002		2003		Taxa variación
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	03/02
Ingresos de explotación	217,35	100	267,85	100	23,2
Consumo e outros gastos de explotación	150,83	69,4	189,56	70,8	25,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	66,52	30,6	78,29	29,2	17,7
Gastos de persoal	46,34	21,3	54,29	20,3	17,2
Resultado económico bruto da explotación	20,17	9,3	23,99	9,0	18,9
Amortizacións	7,72	3,6	10,24	3,8	32,6
Resultado económico neto da explotación	12,45	5,7	13,75	5,1	10,4
Resultado financeiro	-3,51	-1,6	-4,18	-1,6	-19,2
Ingresos financeiros	0,22	0,1	0,27	0,1	24,7
Gastos financeiros	3,72	1,7	4,45	1,7	19,6
Resultado de actividades ordinarias	8,94	4,1	9,57	3,6	7,0
Resultado de actividades extraordinarias	1,12	0,5	1,54	0,6	37,1
Resultado antes de impostos	10,06	4,6	11,11	4,1	10,3
Impostos	2,89	1,3	3,34	1,2	15,5
Resultado neto do exercicio	7,18	3,3	7,77	2,9	8,3
Cash-flow	13,75	6,3	16,27	6,1	18,3

Fonte: Ardán

62,5 millóns de euros respectivamente) (anexos XXXIV e XXXV).

En canto ao valor engadido, este experimentou unha medra do 17,7% no período considerado, pasando de 66,5 millóns en 2002 a 78,3 millóns de euros do 2003, polo que decrece o seu peso relativo con respecto aos ingresos de explotación, que en 2002 representaba o 30,6% e no ano 2003, o 29,2%.

As empresas deste sector na área funcional de Lalín presentan no ano 2003 un incremento nos seus beneficios do 8,3%, pasando dos 7,2 millóns de euros en 2002 aos 7,8 millóns de euros no ano 2003. O cash-flow correspondente ao sector aumentou nun 18,3%, pasando dos 13,7 millóns de euros en 2002 ós 16,3 millóns no ano 2003.

No que ao balance agregado se refire, o **cadro 3.16.** amosa que entre as fontes de financiamento do sector da construción, aumenta o peso relativo do

financiamento permanente, que pasa do 25,6% en 2002 ao 29,5% no ano 2003, en detrimento dos acredores a curto prazo, que no ano 2003 representan o 70,5% do total mentres que en 2002 representaban o 74,4% do total. O activo total aumentou no ano 2003 un 14,9%, chegando aos 271,8 millóns de euros, cando en 2002 era de 236,5 millóns.

O balance das empresas reflicte, para o ano 2003, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e o 3,8% do circulante neto. En canto ao fondo de rotación, este sitúase para o ano 2003 en 7,62 millóns de euros, un 0,6% menos que o do ano anterior. O 96,2% do circulante neto é financiado polos acredores a curto prazo.

Os principais núcleos de localización das empresas do sector da construción son, en primeiro lugar, o concello de Lalín, cun VEB xerado de 42,2 millóns de euros no ano 2003, un 17,5% superior ao do ano anterior; seguido do concello de A

**3.16.**

*Evolución do investimento e do financiamento do sector da construción na área funcional de Lalín 2002-03*

	2002		2003		Taxa variación
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	03/02
Activo total	236,49	100	271,83	100	14,9
Activo fixo (neto)	53,00	22,4	72,43	26,6	36,7
Gastos amortizables	0,88	0,4	0,90	0,3	1,9
Inmovilizado inmaterial	10,10	4,3	12,62	4,6	24,9
Inmovilizado material	35,69	15,1	48,61	17,9	36,2
Outro inmovilizado	5,99	2,5	10,26	3,8	71,4
Outro activo fixo	0,34	-	0,04	-	-
Circulante neto	183,49	77,6	199,40	73,4	8,7
Existencias	69,20	29,3	68,88	25,3	-0,5
Debedores	92,68	39,2	106,36	39,1	14,8
Tesourería	12,89	5,5	14,78	5,4	14,7
Outro activo circulante	8,72	3,7	9,38	3,5	7,6
Fontes de financiamento	236,49	100	271,83	100	14,9
Financiación permanente	60,66	25,7	80,05	29,4	32,0
Fondos propios	36,81	15,6	44,39	16,3	20,6
Recursos alleos L/P	21,97	9,3	33,45	12,3	52,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	1,87	0,8	2,21	0,8	18,02
Acreeedores a curto prazo	175,83	74,3	191,78	70,6	9,1
Fondo de rotación	7,66	3,2	7,62	2,8	-0,6

Fonte: Ardán

**3.17.**

*Principais núcleos de localización do V.E.B.c.f. xerado polas empresas na construción na área funcional de Lalín 2002-03*

Núcleos	2002		2003		03/02
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Lalín	35,95	54,0	42,23	53,9	17,5
A Estrada	18,01	27,1	20,96	26,8	16,4
Silleda	9,10	13,7	10,78	13,8	18,5
Forcarei	1,54	2,3	2,32	3,0	50,5
Vila de Cruces	1,10	1,7	1,17	1,5	6,2
Cerdedo	0,24	0,4	0,26	0,3	8,6
Rodeiro	0,20	0,3	0,22	0,3	8,8
Agolada	0,20	0,3	0,20	0,2	-4,5
Subtotal	66,35	99,8	78,14	99,8	17,8
<b>Total área funcional</b>	<b>66,52</b>	<b>100</b>	<b>78,29</b>	<b>100</b>	<b>17,7</b>

Fonte: Ardán

Estrada, con 21 millóns de euros, un 16,4% superior ao do ano anterior; e de Silleda, con 10,8 millóns de euros, unha cantidade un 18,5% superior á do ano anterior. Nestes tres núcleos xérase o 94,5% do valor engadido do sector da construción na área funcional no ano 2003 (cadro 3.17.).

Para completar a análise das empresas pertencentes a este sector, preséntanse

os datos do *Directorio de empresas 2004* de Ardán que nos permiten ver a distribución comarcal da facturación e o emprego nestas empresas na área funcional de Lalín.

Neste senso, e tendo en conta a metodoloxía utilizada por Ardán, as empresas do sector de construción facturaron no ano 2003 máis de 140 millóns de euros e empregaron a 1.210 persoas.



Atendendo aos datos recollidos no **anexo XXXVIII**, do total de facturación do sector na área funcional o 84,3% corresponde as empresas localizadas na comarca do Deza, así como o 67,3% do emprego total. Dentro da comarca a actividade máis destacable polo seu volume de facturación e a de “Construción xerais de edificios e obras enxeñaría civil”, co 80,6% da facturación total do sector da construción na comarca do Deza, e co 63,9% do total de empregados.

As empresas consideradas por Ardán dentro do sector da construción na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, facturan 22 millóns de euros e empregan a 395 persoas, sendo a actividade máis importante en canto ao seu volume de facturación, igual que acontecía na comarca do Deza, a de “Construcións xerais de edificios e obras enxeñaría civil”.

### Sector servizos

A análise deste sector está dividida en tres grandes bloques nos que se analiza, dunha banda, a situación das actividades comerciais, para a continuación centrarse no subsector turismo e finalmente, nas actividades do transporte, servizos empresariais e servizos relacionados coa saúde.

#### • *Comercio*

A análise deste subsector parte da consideración dos principais datos relacionados coa estrutura do comercio en 2002 (Fonte: IGE, *Estrutura de comercio 2002*) para posteriormente presentar unha

visión global da situación e importancia das actividades comerciais nas dúas comarcas da área funcional de Lalín en termos de facturación e emprego. Neste segundo aspecto, a fonte estatística empregada é o *Directorio de empresas. Informe económico-financieiro y de la competitividad*, realizado por Ardán.

O número total de establecementos de comercio polo miúdo na área funcional de Lalín acadou no ano 2002 os 986 establecementos, o que significa, en termos relativos, unha media de 12,9 establecementos por cada mil habitantes e 0,6 establecementos por quilómetro cadrado. Comparado co total galego, esta área funcional acolle o 2,5% dos establecementos comerciais do conxunto da Comunidade Autónoma, e o 7,3% dos establecementos totais da provincia de Pontevedra, sendo a densidade comercial e o número de establecementos por km<sup>2</sup> en Galicia e na provincia de Pontevedra de 14,5 e 1,3, e 14,5 e 3 respectivamente.

Atendendo á distribución comarcal, o **cadro 3.18**. reflicte que a comarca de Tabeirós-Terra de Montes é a que presentan a maior densidade comercial, con 13,2 establecementos por cada mil habitantes, fronte o Deza con 12,8 establecementos por cada mil habitantes. No concernente ao número de establecementos por quilómetro cadrado, a rateo máis elevada rexístrase tamén na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, con 0,7 establecementos, sendo de 0,6 na comarca do Deza.

Ao igual que acontece no conxunto de Galicia, o **cadro 3.19**. amosa que na área funcional de Lalín o grupo de activi-

3.18.

Estructura do comercio polo miúdo na Área funcional de Lalín 2002

		Área funcional de Lalín			Pontevedra	Galicia
		Total	Deza	Tabairós-Terra de Montes		
Poboación total	(Nº habitantes)	76.365	47.004	29.361	919.934	2.737.370
Superficie xeográfica	(en km <sup>2</sup> )	1.556	1.027	529	4.494	29.560
Número de empresas:		870	536	334	11.715	33.947
Número de establecementos:		986	600	386	13.546	39.661
Densidade comercial	(Est./1.000 Hab)	12,9	12,8	13,2	14,7	14,5
Superficie de venda por habitante	(m <sup>2</sup> /Hab.)	1,1	1,1	1,0	1,3	1,3
Superficie de venda media	(m <sup>2</sup> )	82,2	82,2	75,6	85,5	88,0
Taxa superficie comercial	(%)	-	8,4	15,9	10,9	8,9
Número de establecementos por km <sup>2</sup>		0,6	0,6	0,7	3,0	1,3

Fonte: IGE, Estructura do comercio

3.19.

Estructura de comercio 2002: distribución segundo actividade

		Dixitos CNAE-93 (1)						Total
		52.1	52.2	52.3	52.4	52.5	52.7	
<b>Comarca do Deza</b>								
Número de establecementos		114	84	37	357	1	7	600
Densidade comercial	(en establ./1.000 hab.)	2,43	1,79	0,79	7,60	0,02	0,15	12,76
Superficie de venda media	(en m <sup>2</sup> )	113,06	30,40	49,56	88,12	*	*	82,16
Superficie de venda por habitante	(en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,27	0,05	0,04	0,67	*	*	1,05
<b>Comarca de Tabairós-Terra de Montes</b>								
Número de establecementos		82	46	25	223	1,0	9	386,0
Densidade comercial	(en establ./1.000 hab.)	2,79	1,57	0,85	7,60	0,03	0,31	13,15
Superficie de venda media	(en m <sup>2</sup> )	89,79	39,42	*	84,26	*	37,32	75,56
Superficie de venda por habitante	(en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,25	0,06	*	0,64	*	0,01	0,99
<b>Provincia Pontevedra</b>								
Número de establecementos		2.425	2.655	630	7.464	31	341	13.546
Densidade comercial	(en establ./1.000 hab.)	2,64	2,89	0,68	8,11	0,03	0,37	14,72
Superficie de venda media	(en m <sup>2</sup> )	172,60	28,61	37,27	83,18	197,94	37,11	85,46
Superficie de venda por habitante	(en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,45	0,08	0,03	0,67	0,01	0,01	1,26
<b>Galicia</b>								
Número de establecementos		7.036	6.874	2.051	22.611	97	992	39.661
Densidade comercial	(en establ./1.000 hab.)	2,57	2,51	0,75	8,26	0,04	0,36	14,49
Superficie de venda media	(en m <sup>2</sup> )	179,69	29,16	44,63	83,44	129,92	35,99	88,03
Superficie de venda por habitante	(en m <sup>2</sup> /habitantes)	0,46	0,07	0,03	0,69	-	0,01	1,28

(1) 52.1 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados  
 52.2 Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados  
 52.3 Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene  
 52.4 Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados  
 52.5 Comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos  
 52.7 Reparación de efectos persoais e enseres domésticos

\* Información suxeita a segredo estatístico

Fonte: IGE, Estructura do comercio

dades de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados” é a que acolle o maior número de establecementos, con 580 establecementos (58,8% do total de establecementos na área considerada, o 7,8% dos establecementos da provincia de Pontevedra dedicados a esta actividade e o 2,6% dos establecementos galegos dedicados a esta actividade), seguido polos grupos de “co-

mercio polo miúdo en establecementos non especializados” e “comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados”, con 196 e 130 establecementos respectivamente.

O devandito **cadro 3.19.** reflicte que as actividades de “comercio polo miúdo en establecementos non especializados” son as que presentan a maior superficie de

venda media tanto en Galicia como nas dúas comarcas da área funcional, con 113,06 e 89,79 metros cadrados nas comarcas do Deza e de Tabeirós-Terra de Montes respectivamente, sendo no conxunto de Galicia de 179,69 m<sup>2</sup>.

No que respecta aos principais datos das empresas que realizan actividades de servizos, o **anexo XXXIX** mostra aquelas empresas que na área funcional pertencen a este sector e que facturaron no ano 2003 máis de un millón de euros; no conxunto da área funcional estas empresas, dada a restricción imposta, facturaron 219,7 millóns de euros, dos que o 61% pertence a empresas domiciliadas na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, as que empregaron a 475 persoas, o que supón o 51,4% do emprego das empresas do sector cunha facturación maior de un millón de euros, no conxunto da área funcional.

As actividades máis representativas nas dúas comarcas que compoñen a área funcional en función do seu volume de facturación, son, na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, a “Venta de vehículos de motor” que con só unha empresa factura o 34% da facturación total do sector na comarca e a actividade de “comercio por xunto de metais e minerais metálicos” que, ao igual que no caso anterior, con unha sóa empresa factura o 13,9% do global do sector na comarca.

Na comarca do Deza a actividade cunha maior facturación é a de “Venta polo miudo de carburantes para automoción” con 9,7 millóns de euros de facturación (o 11,5% da facturación total destas empresas na comarca), seguida da activi-

dade de “Comerc. xunto máquinas, accesorios e útiles agrícolas” con 9 millóns de euros de facturación anual (o 10,7% do total).

#### • *Turismo*

A análise deste subsector ten dúas partes ben diferenciadas nas que se fai referencia, en primeiro lugar, á oferta turística (establecementos e prazas turísticas en hoteis, hostais e fondas, así como en establecementos de turismo rural, para de seguido presentar certos datos empresariais segundo a metodoloxía empregada por Ardán.

Os **cadros 3.20.** e **3.21.** mostran os establecementos e prazas turísticas existentes nos concellos da área funcional segundo a categoría dos mesmos.

No que respecta aos hoteis, hostais e fondas, na área funcional de Lalín, e segundo datos proporcionados pola Dirección Xeral de Turismo, existen, en xaneiro de 2005, un hotel de catro estrelas, tres hoteis de tres estrelas, tres de dúas e catro de unha estrela, así como un hostel de tres estrelas, sete de dúas estrelas e quince de unha estrela, e catro fondas ou casas de hóspedes.

Desagregando a nivel municipal, o único hotel de catro estrelas que existe na área funcional está localizado no concello de Silleda, na comarca do Deza. Este establecemento posúe 176 prazas distribuídas en 88 habitacións. Os tres hoteis de tres estrelas existentes na área funcional están nos concellos de Lalín, A Estrada e Forcarei.

3.20.

**Establecementos e prazas turísticas na área funcional de Lalín 2005: hotels, hostais e fondas**

	Hotels catro estrelas		Hotels tres estrelas		Hotels dúas estrelas		Hotels unha estrela	
	nº establec. n.º habitac.	nº prazas	nº establec. n.º habitac.	nº prazas	nº establec. n.º habitac.	nº prazas	nº establec. n.º habitac.	nº prazas
Comarca do Deza	1	88	1	22	2	42	3	77
A Golada	-	-	-	-	-	-	-	-
Dozón	-	-	-	-	-	-	-	-
Lalín	-	-	1	22	2	42	-	-
Rodeiro	-	-	-	-	-	-	-	-
Silleda	1	88	-	-	-	-	2	42
Vila de Cruces	-	-	-	-	-	-	1	35
Comarca de Taboairós-Terra de Montes	-	-	2	50	1	19	1	5
A Estrada	-	-	1	41	1	19	-	-
Forcarei	-	-	1	9	-	-	-	-
Cerdado	-	-	-	-	-	-	1	5
<b>Total área funcional</b>	<b>1</b>	<b>88</b>	<b>3</b>	<b>72</b>	<b>3</b>	<b>61</b>	<b>4</b>	<b>82</b>
		<b>176</b>	<b>#</b>	<b>135</b>	<b>106</b>	<b>146</b>		

	Hostais/Pensións tres estrelas		Hostais/Pensións dúas estrelas		Hostais/Pensións unha estrela		Fondas/Casas de hóspedes	
	nº establec. n.º habitac.	nº prazas	nº establec. n.º habitac.	nº prazas	nº establec. n.º habitac.	nº prazas	nº establec. n.º habitac.	nº prazas
Comarca do Deza	-	-	4	24	10	94	1	3
A Golada	-	-	-	-	-	-	-	-
Dozón	-	-	-	-	-	-	-	-
Lalín	-	-	3	20	5	44	-	-
Rodeiro	-	-	-	-	1	10	-	-
Silleda	-	-	1	4	3	20	1	3
Vila de Cruces	-	-	-	-	1	20	-	-
Comarca de Taboairós-Terra de Montes	1	6	3	42	5	44	3	20
A Estrada	1	6	2	32	3	33	2	14
Forcarei	-	-	-	-	2	11	1	6
Cerdado	-	-	1	10	-	-	-	-
<b>Total área funcional</b>	<b>1</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>66</b>	<b>15</b>	<b>138</b>	<b>4</b>	<b>23</b>
		<b>12</b>		<b>121</b>		<b>220</b>		<b>45</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

**3.21.**

**Establecementos e prazas de turismo rural na área funcional de Lalín 2005**

	nº establec.	nº habitac.	nº prazas
<b>Comarca do Deza</b>	25	147	286
A Golada	2	16	31
Dozón	-	-	-
Lalín	4	20	41
Rodeiro	2	9	17
Silleda	8	48	92
Vila de Cruces	9	54	105
<b>Comarca de Tabeirós-Terra de Montes</b>	31	163	322
A Estrada	25	135	266
Forcarei	4	17	34
Cerdedo	2	11	22
<b>Total área funcional</b>	<b>56</b>	<b>310</b>	<b>608</b>
<b>Total Pontevedra</b>	<b>156</b>	<b>902</b>	<b>1.772</b>

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

Os tres hoteis de dúas estrelas existentes na área funcional están localizados nos concellos de Lalín (dous hoteis) e A Estrada (un hotel).

No que respecta aos hoteis de unha estrela, na área funcional hai só catro establecementos con 82 habitacións e 146 prazas; estando dous localizados no concello de Silleda, un en Vila de Cruces e un en Cerdedo.

O **cadro 3.21.**, mostra o número e as prazas distribuídos por categorías, dos establecementos de turismo rural na área funcional de Lalín.

Na área funcional de Lalín a un de xaneiro de 2005, existen 56 establecementos de turismo rural que contan con 310 habitacións e 608 prazas. A nivel provincial, existen 156 establecementos de turismo rural, con 902 habitacións e 1.772 prazas. Neste senso, o 35,9% dos establecementos existentes na provincia de Pontevedra están ubicados na área funcional de Lalín, así como o 34,4% das habitacións e o 34,4% das prazas.

O 55,4% do total de establecementos contabilizados no conxunto da área funcional, están localizados na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, destacando en canto ao número de establecementos o concello de A Estrada con 25 e 266 prazas. O segundo concello en importancia en canto ao número de establecementos de turismo rural é o de Vila de Cruces que conta con 9 establecementos que ofertan 105 prazas distribuídas en 54 habitacións.

Finalmente destacar a existencia na área funcional de Lalín dun balneario localizado no concello de Vila de Cruces, “Balneario Baños da Brea”, cunha categoría de hotel dunha estrela, conta con 35 habitacións e 67 prazas.

No concernente á análise dos indicadores empresariais presentados por Ardán, **cadro 3.2.**, as 22 empresas contabilizadas no subsector turismo, viaxes e ocio -abarca as actividades de hoteis e hospedaxe, restaurantes, bares e cafeterías, máquinas recreativas, axencias de viaxes, distribución de artigos para deporte, recreo e pasatempos, actividades

3.22.

Principais indicadores empresariais dos subsectores turismo, transporte, servizos empresariais e servizos relacionados coa saúde 2002-03

	Turismo		Transporte		Servizos a empresas		S. relacionados coa saúde	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
	(en millóns de €)		(en millóns de €)		(en millóns de €)		(en millóns de €)	
VEB a custo de factores	1,41	1,73	8,18	8,75	0,97	1,24	1,77	2,18
Ingresos de explotación	6,12	6,63	19,81	22,94	2,70	8,06	3,05	3,62
Resultado de activ. ordinarias	- 0,94	-1,68	0,57	0,62	0,23	- 0,08	0,07	0,08
Resultado neto do exercicio	- 0,55	-1,13	0,58	0,73	0,22	0,12	0,07	0,07
Activo Total	14,76	13,51	19,12	22,17	8,42	12,88	2,31	2,47
Activo fixo	10,64	9,94	11,96	13,68	4,02	4,49	1,19	1,20
Circulante neto	4,12	3,57	7,16	8,50	4,39	8,39	1,12	1,27
Financiación permanente	10,52	9,57	10,95	12,85	6,38	8,92	1,47	1,41
Acreeedores a curto prazo	4,25	3,94	8,17	9,33	2,03	3,97	0,83	1,07

(1) O subsector do turismo está formado, segundo a metodoloxía empregada por Ardán, por 22 empresas; o subsector do transporte, por 30 empresas; os servizos empresariais, por 14 empresas; e os servizos relacionados coa saúde, por 5 empresas.

Fonte: Ardán

artísticas, deportivas e de espectáculos, e actividades cinematográficas e de vídeo acadaron en 2003 uns ingresos de explotación de 6,6 millóns de euros e un valor engadido de 1,79 millóns de euros.

• *Transporte, servizos empresariais e servizos relacionadas coa saúde*

O subsector transportes e servizos asociados, que engloba as actividades de transporte de pasaxeiros, de mercadorías por estrada, estacións de servizo e gasolineras, servizos relacionados co automóbil e outras actividades anexas aos transportes, rexistrou no ano 2003 uns ingresos de explotación de 22,9 millóns de euros, o 47% do total do sector, e xerou un valor engadido de 8,8 millóns de euros, o 59,1% do VEB total do sector. Ardán contabilizou un total de 30 empresas englobadas neste subsector dentro da área funcional de Lalín.

O subsector de servizos empresariais engloba as actividades dos servizos comerciais, servizos xurídicos, de contabilidade,

asesoría e estudos de mercado, servizos técnicos de arquitectura e enxeñería, servizos de limpeza, desinfección e conservación, servizos de publicidade e os intermediarios de comercio. Na área funcional de Lalín xerouse neste subsector uns ingresos de explotación de 8,1 millóns de euros no ano 2003, e un VEB de 1,2 millóns de euros que ven a representar o 16,6% dos ingresos totais do sector servizos na área funcional ao longo do ano 2003 e o 8% do valor engadido do subsector no total da área funcional. Ardán contabilizou neste subsector un total de 14 empresas dentro da área funcional (**cadro 3.22.**).

O subsector da comunicación presenta uns ingresos de 7,5 millóns de euros e un valor engadido de 1 millón de euros no ano 2003. Engloba este subsector ás actividades de papelería e librerías, edición, artes gráficas e actividades de servizos relacionados, educación, radio e televisión e os servizos relacionados coa informática. Na área funcional de Lalín aparecen 11 empresas dentro deste subsector (**cadro 3.2.**).

O último dos subsectores considerados dentro do sector servizos é o dos servizos relacionados coa saúde. Este subsector xerou no ano 2003 un total de 3,6 millóns de euros en ingresos de explotación e 2,2 millóns de euros de VEB. Na área funcional contabilízanse cinco empresas englobadas dentro do citado subsector no ano 2003. ■